



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE
GAITEIROS GALEGOS PARA A REALIZACIÓN DE IV XORNADAS SOBRE O BAILE
TRADICIONAL E V XORNADAS ARREDOR DA MÚSICA TRADICIONAL**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Asociación de Gaiteiros Galegos o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A realización de IV Xornadas sobre o Baile Tradicional e V Xornadas arredor da música tradicional

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de





especiais características, por todo o que representan estas xornadas na cultura de Galicia, e a Asociación de Gaiteiros Galegos, que aglutina a maior parte dos músicos tradicionais de Galicia, a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura, para o ano 2017, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 7 de abril de 2017

